PLAN DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜISTICA

I.E.S. PRAIA BARRAÑA

Ano académico 2018–2019

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Índice

1. Estudio sociolingüístico:
   1.1 Contorno sociolingüístico do centro.
   1.2 Situación da docencia.
   1.3 Situación do alumnado.
   1.4 Situación xeral do centro.

2. Obxectivos do Plan de Normalización e Dinamización Lingüística (PNDL).

3. Actividades:
   3.1 Actividades propostas.
   3.2 Vinculación das actividades propostas cos obxectivos do PNDL.
   3.3 Temporalización das actividades propostas e persoas responsables das mesmas.

4. Composición do Equipo de Normalización e Dinamización Lingúística para o ano académico 2017–2018.

5. Avaliación do PNDL.

1. Estudio sociolingüístico

1.1. Contorno sociolingüístico do centro

O IES "Praia Barraña" é un dos tres centros de ensino secundario existentes en Boiro (A Coruña), localidade pertencente ao concello do mesmo nome situado nas Rías Baixas galegas, na denominada Comarca do Barbanza.

Trátase dun concello costeiro, duns vinte mil habitantes aproximadamente, estreitamente vencellado ás actividades marítimas, que constitúen o núcleo principal da súa economía. A pesca, o marisqueo e a industria conserveira son as actividades laborais máis destacadas que ocupan aos seus habitantes, aínda que comeza a gañar peso na súa economía o sector servizos, todo elo debido ás grandes posibilidades turísticas dunha zona que se encontra en constante expansión.

Con todo isto, o nivel socioeconómico da poboación residente neste concello pódese considerar coma medio–alto, grazas sen dúbida a que a vila se encontra nunha das zonas de maior dinamismo tanto económico coma demográfico da Comunidade Galega.

No Concello de unha clara diferenza entre un medio rural e bastante galeguizado, e un núcleo de carácter máis urbano no que se combinan dous grupos lingüísticos diferenciados: un que emprega máis o galego e outro que usa predominantemente o castelán.

Tamén é destacable que a nivel institucional, tanto dende o propio Concello como dende diversas asociacións culturais, desenvolvese unha destacable labor de apoio e promoción do uso da lingua galega.

No caso concreto do IES "Praia Barraña", situado no centro urbano da xa mencionada localidade de Boiro, pódese sinalar que no mesmo escolarízase alumnado procedente tanto de dito casco urbano como das localidades rurais próximas ao mesmo: Coroño, Comoxo, Mieites, Cures, Ponte Goiáns, Cespón, Abanqueiro, ...

Facendo unha diferenciación entre as etapas educativas que se imparten no centro, en primeiro lugar cabe indicar que, no caso do alumnado escolarizado na Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), este procede maioritariamente dos núcleos rurais antes mencionados.

E en segundo lugar, no caso do alumnado escolarizado na etapa de Bacharelato, hai que sinalar que este procede maioritariamente do IES "A Cachada", centro igualmente situado no casco urbano da localidade de Boiro e que recolle por igual a alumnado procedente de dito casco urbano como procedente das localidades rurais próximas ao mesmo.

Finalmente, apuntar que a pesar de non existir un uso exclusivo da lingua galega, non se observan actitudes negativas ou contrarias cara ao uso da mesma.

1.2. Situación da docencia

Á hora de impartir docencia, a lingua empregada polo profesorado distribúese tal e como se reflexa nas táboas que se presentan a continuación, e partindo sempre do disposto no *Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia* (DOG do 25 de maio):

Proposta de materias a impartir en Lingua Galega ou Lingua castelá nos diferentes cursos da

Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) [1]

	Lingua Galega		Lingua Castelá		Mat. De lingua
	Obrigatorias	Específicas	Obrigatorias	Específicas	
1º curso de ESO	Xeografía e Historia (3) Bioloxía e Xeoloxía (4)	Ed. Plástica Visual e Aud. (2) Relixión / Valores Éticos (1) Titoría (1)	Matemáticas (5)	Eucación Física (2) Xadrez (1) Promoción de estilos de vida saudables (1) Obradoiro Musical (1)	Lingua Castelá e Literatura (4) Lingua Galega e Literatura (4) 1ª Lingua Extranxeira. Inglés (3) 2º Lingua Extranxeira. Francés (2)
2º curso de ESO	Xeografía e Historia (3)	Relixión / Valores Éticos (1) Paisaxe e sustentabilidade (1) Titoría (1)	Matemáticas (5) Física e Química (3) Tecnoloxía (3)	Eucación Física (2) Música (2) Educación Financeira (1)	Lingua Castelá e Literatura (4) Lingua Galega e Literatura (4) 1ª Lingua Extranxeira. Inglés (3)

1Entre paréntese figuran as horas lectivas semanais de cada materia

3º curso de ESO	Xeografía e Historia (3) Bioloxía e Xeoloxía (2)	Ed. Plástica Visual e Aud. (2) Relixión / Valores Éticos (1) Titoría (1)	Matemáticas (4) Física e Química (2) Tecnoloxía (2)	Eucación Física (2) Música (2) Cultura Clásica (2)	2º Lingua Extranxeira. Francés (2)

3º curso de PMAR	Ámbito Científico (8)	Ed. Plástica Visual e Aud. (2) Relixión / Valores Éticos (1) Titoría (1)	Ámbito Lingüístico (9) Tecnoloxía (2)	Eucación Física (2) Música (2) Cultura Clásica (2)	1ª Lingua Extranxeira. Inglés (3)

		Obrig.	Itinerario 2 (Ensin. Acad.)	Itinerario 3 (Ensin. Acad.)	Específicas
4º curso de ESO	Lingua Galega	Xeografía e Historia (3) Relixión / Valores Éticos (1) Titoría (1)	Bioloxía e Xeoloxía (3)	Economía (3)	Cultura Científica (3) Ed. Plástica Visual e Aud. (3) Filosofía (3) Iniciación á act. emprend. (3) Titoría (1)
	Lingua Castelá	Educación Física (2) Matemáticas (4)	Física e Química (3)	Latín (3)	Tecnoloxía (3) Ciencias aplic. á avt. profes. (3) Cultura Clásica (3) Música (3) TICs (3)
	Materias de lingua	Lingua Castelá e Literatura (3) / Lingua Galega e Literatura (3) / 1ª Lingua Extranxeira. Inglés (3) / 2º Lingua Extranxeira. Francés (2)			

Proposta de materias a impartir en Lingua Galega ou Lingua castelá nos diferentes cursos do Bacharelato

1º de BACHARELATO							
	Lingua galega			Lingua Castela			Materias de lingua
	Ciencias	Human / CCSS	Artes	Ciencias	Human / CCSS	Artes	
Obrig. comúns	Filosofía (3)			Educación Física (2)			
Obrig.			Fundamentos da Arte (4)	Matemáticas I (4)	Latín I (4) Matemáticas Aplic ás CCSS I (4)		
Troncais	Bioloxía e Xeoloxía (4) Debuxo Técnico I (4)	Historia do Mundo Cont. (4)	Historia do Mundo Cont. (4)	Física e Química (4)	Grego I (4) Economía (4)	Cultura Audiovisual I (4)	Lingua Castelá e Literatura (3) Lingua Galega e Literatura (3) 1ª Lingua Extranxeira. Inglés (3) 2º Lingua Extranxeira. Francés (3)
Específ. / LCA	Anatomía Aplicada (3) Debuxo Técnico (4) Cultura Científica (2) Saúde e Calidade de Vida (1) Relixión (1) Obradoiro Teatro (1)	Debuxo Artístico (3) Cultura Científica (2) Saúde e Calidade de Vida (1) Relixión (1) Obradoiro Teatro (1)	Cultura Científica (2) Debuxo Artístico (3) Volume (3) Saúde e Calidade de Vida (1) Relixión (1) Obradoiro Teatro (1)	Tecnoloxía Industrial I (3) TIC I (2) Ling. e Práct. Musical (3)	Literatura Universal (4) Ling. e Práct. Musical (3)	Ling. e Práct. Musical (3)	

2º de BACHARELATO							
	Lingua galega			Lingua Castela			Materias de lingua
	Ciencias	Human / CCSS	Artes	Ciencias	Human / CCSS	Artes	
Obrig. comúns	Historia de España (3)						Lingua Castelá e Literatura (3) Lingua Galega e Literatura (3) 1ª Lingua Extranxeira. Inglés (3)
Obrig.			Fundamentos da Arte (4)	Matemáticas II (4)	Latín II (4) Matemáticas Aplic ás CCSS II (4)		

Troncais	Bioloxía e Xeoloxía (4) Debuxo Técnico I (4)	Historia da Filosofía (4) Xeografía (4)	Artes Escénicas (4)	Química (4) Física (4)	Grego II (4) Economía da Empresa (4)	Deseño (4) Cultura Audiovisual II (4)	
Específ. / LCA	Tecnoloxía Industrial II (3) Métodos Estatísticos e Numéricos (2) Ciencias da Actividade Física (1) Relixión (1)	Debuxo Artístico II (3) Ética e Filosofía do Dereito (2) Patrimonio Art. e Cult. de Galicia (2) Ciencias da Actividade Física (1) Relixión (1)	Técnicas de Expres. Gráfico-Plást. (3) Patrimonio Art. e Cult. de Galicia (2) Ciencias da Actividade Física (1) Relixión (1)	Química (4) Xeoloxía (4) TIC II (3) Física (4)			2º Lingua Extranxeira. Francés (3)

1.3. Situación do alumnado

As diferenzas existentes entre as zonas de procedencia do alumnado do centro, así como os diferentes niveis socioeconómicos que presentan, parecen condicionar os usos lingüísticos do mesmo: aqueles/as que proceden de zonas rurais empregan maioritariamente a lingua galega, mentres que entre os/as procedentes de zonas urbanas o uso da lingua galega descende de xeito destacado.

Tamén se poden apreciar variacións na valoración que posúen sobre a lingua galega: mentres os/as primeiros/as presentan unha valoración positiva, a posición dos/as segundos/as aproxímase máis á indiferenza, o que se traduce nunha maior dificultade á hora de comprometer a súa participación nos proxectos e actividades que se realizan a prol da lingua galega no centro ou dende as diferentes institucións, asociacións culturais, etc do Concello de Boiro.

No momento de presentar o presente Plan de Normalización e Dinamización Lingüística non foi posible actualizar a enquisa de usos lingüísticos realizada durante o ano académico 2012–2013, pero pódese indicar que o alumnado de nova incorporación ao centro, tanto en 1º curso de ESO como de 1º curso de Bacharelato, semella manter os comportamentos habituais ata o de agora.

1.4. Situación xeral do centro

No IES "Praia Barraña" cúmprense o disposto na normativa vixente respecto do uso da lingua galega nos centros de ensino, superándose, incluso, os mínimos esixidos.

Tanto o profesorado como o persoal non docente é maioritariamente galego-falante.

E en xeral observase unha actitude positiva e colaboradora en todas as iniciativas e propostas que se desenvolven coa finalidade de mellorar os comportamentos lingüísticos do alumnado do centro, en particular, e da comunidade educativa do mesmo, en xeral.

2. Obxectivos do Plan de Normalización e Dinamización Lingüística (PNDL)

A continuación enuméranse os obxectivos que se pretende acadar co presente PNDL, identificando para cada un deles o ámbito de actuación ao que se dirixe:

- (1) Contorno do centro.
- (2) Profesorado.
- (3) Alumnado.
- (4) Centro.

Obxectivos		Ámbitos de actuación		
		1	2	3
I	Fomentar o emprego da lingua galega por parte da comunidade educativa do centro.	X	X	X
II	Promover a realización de actividades que melloren a competencia lingüística entre os diferentes membros da comunidade educativa do centro.	X	X	X
III	Promover e fomentar a lectura de libros en lingua galega, en especial entre o alumnado que presente dificultades relacionadas coa lectoescritura, e que precisan de materiais de lectura sinxelos e cun formato atractivo.			X

IV	Potenciar e deseñar liñas de traballo que promovan a autoestima lingüística dos diferentes membros da comunidade educativa do centro.	**X**	**X**	**X**
V	Intercambiar material, experiencias, e /ou actividades con outros centros educativos e institucións públicas ou privadas que traballen a prol da lingua galega.	**X**		
VI	Promover e coordinar o deseño e publicación da revista do centro "Palavra Perduda" (décimo oitava edición).	**X**	**X**	**X**
VII	Procurar o cumprimento da lexislación vixente en relación ao emprego da lingua galega vixente en actas, anuncios, comunicados ou no desenvolvemento de calquera actividade que se organice no centro.			
VIII	Impulsar a participación do profesorado na realización das actividades propostas polo ENDL.		**X**	
IX	Promover a elaboración de material didáctico redactado en lingua galega.		**X**	
X	Fomentar a participación do alumnado en actividades convocadas e desenvolvidas en lingua galega: concursos literarios, de carteis, de cómics e outras.			**X**
XI	Colaborar na organización de actividades relacionadas coa celebración do Día das Letras Galegas 2015.			
XII	Promover actividades que incidan no emprego da lingua galega a nivel oral.	**X**	**X**	**X**

3. Actividades

3.1. Actividades propostas

Coa finalidade de traballar de cara á consecución dos obxectivos antes mencionados, dende o presente PNDL proponse a realización, durante o presente ano académico 2017 – 2018, das seguintes actividades:

1. Realización dunha **Axenda Escolar de centro** para o alumnado do 1º ciclo da ESO. Esta axenda ten tres obxectivos fundamentáis: Axudar ao alumnado a organizar as súas

responsabilidades e tarefas escolares, para mellorar así o seu rendemento académico, permitir ó profesorado transmitir ós pais, nais ou titores/as legais información relacionada co traballo escolar, progresos e comportamento do seu fillo/a/tutelado/a e servir ós pais, nais ou titores/as legais como medio de comunicación co profesorado e como ferramenta para o seguimento diario das tarefas escolares do seu fillo/a/tutelado/a.
Ademáis funcionará como medio difusor das Letras Galegas xa que un día da semana durante todo o curso incluirase un poema ou pensamento relacionado ca Língua Galega co que se poderá traballar nalgunha das clases desa semana. Na semana do 17 de maio incluirase unha sección máis longa sobre Antón Fraguas, autor ó que se lle adica este ano o día.

2. Ó longo do curso, en diferentes titorías levarase a cabo un **estudo/enquisa** para ter un coñecemento real e actualizado respecto do **uso da Lingua Galega** nos diferentes ámbitos dos membros da comunidade educativa.

3. **"8 exercicios para fortalecer a Língua"**. Campaña de promoción do uso da língua en diferentes ámbitos (educativos, sociais, familiares, comerciais, tecnolóxicos...). Durante o curso cada mes propoñerase a través de carteis, páxina web do centro e redes sociáis un exercicio para revitalizar o emprego do idioma, reforzar o uso entre os galegofalantes e estimular actitudes favorables que se traduzan nun uso normalizado do galego.

4. **"Presume de Língua".** Actividade fotográfica que se irá desenrolando ó longo do curso na que voluntariamente, cada membro da comunidade, de xeito individual ou en grupo (para isto crearase un espazo a modo de "Photocall") realizarán fotos da súa lingua para crear na Semana das Letras un mural e cartel final colectivo.

5. Coordinación do deseño e publicación da vixésima edición da **revista do centro "Palavra Perduda".**

6. Deseño e desenvolvemento dunha **exposición**, por parte do alumnado escolarizado na ESO, sobre a vida e a obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2098: **Antón Fraguas.**

7. **Concurso de Banda Deseñada.** Dirixido a todo o alumnado do centro, en lingua galega e sobre o tema "Identidade de xénero" que se desenrolará na Semana Temática deste curso.

8. Planificación e desenvolvemento da **"Andaina Popular das Letras Galegas"**, polos arredores da vila de Boiro, acompañada de actividades en torno á lingua e xogos

populares, e dirixida ao alumnado escolarizado na ESO. Farase en colaboración co departamento de Educación física.

9. Participación en colaboración co departamento de Lingua e Literatura Castelá no desenrolo de actividades nunha **semana ou días de novela negra** que se está a proxectar para o centro.

3.2. Vinculación das actividades propostas cos obxectivos do PNDL

Actividades	Obxectivos aos que se vinculan
1	I, II, III, IV, VII, VIII, IX, XI, XII
2	I, IV, V, VIII, XII
3	I, II, III, IV, VII, XII
4	I, IV, VIII, X, XII
5	I, II, III, IV, V, VI, VIII, X, XI, XII
6	I, II, III, IX, XI, XII
7	I, II, III, IV, VI, VIII, IX, X, XII
8	I, II, IV, VIII, XI, XII
9	I, II, III, IV, V, VIII, XII

3.3. Temporalización das actividades propostas e persoas responsables das mesmas

Temporalización			Actividade	Persoa responsable (Departamento Didáctico)
1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre		
X			1	**Francisco Blanco Alcaide (Coordinador do ENDL, Depto. de Artes Plásticas) e Juan Carlos**

				Couto Vázquez (Depto. de Lingua castelá/Director do centro)
X	**X**	**X**	**2**	**Mª Enriqueta Picón Romero (Depto. de Lingua Galega) e Francisco Blanco Alcaide (Coordinador do ENDL, Depto. de Artes Plásticas)**
X	**X**	**X**	**3**	**Francisco Blanco Alcaide (Coordinador do ENDL, Depto. de Artes Plásticas)**
X	**x**	**x**	**4**	**Daniel Recamán Viéitez (Depto. de Artes) e Francisco Blanco Alcaide (Coordinador do ENDL, Depto. de Artes Plásticas)**
x	**X**	**X**	**5**	**Mª Enriqueta Picón Romero e Mª Rosario Tubío Fajardo (Depto. de Lingua Galega)**
		X	**6**	**Mª Estrella Piñeiro Lorenzo (Depto. De Xeografía e Historia) e Francisco Blanco Alcaide (Coordinador do ENDL, Depto. de Artes Plásticas)**
	x	**X**	**7**	**Daniel Recamán Viéitez (Depto. de Artes) e Francisco Blanco Alcaide (Coordinador do ENDL, Depto. de Artes Plásticas)**
		X	**8**	**Gustavo López Fernández (Depto. De Educación Física) e Francisco Blanco Alcaide (Coordinador do ENDL, Depto. de Artes Plásticas)**
	x		**9**	**Francisco Blanco Alcaide (Coordinador do ENDL, Depto. de Artes Plásticas) e Juan Carlos Couto Vázquez (Depto. de Lingua castelá/Director do centro)**

4. Composición do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística para o ano académico 2018–2019

Coordinación
Nome e apelidos
Blanco Alcaide, Francisco

Profesorado
Nome e apelidos
Piñeiro Lorenzo, Mª Estrella
Picón Romero, Mª Enriqueta
López Fernández, Gustavo
Couto Vázquez, Juan Carlos
Daniel Recamán Viéitez

Persoal non docente
Nome e apelidos
Riveiro Coello, Antón

5. Avaliación do PNDL

Todo programa ou plan precisa ser avaliado para así coñecer o grao de consecución dos obxectivos previstos inicialmente no mesmo, identificando os acertos e os erros cometidos e, propoñendo posibles melloras de cara a unha intervención futura.

En dita avaliación non se debe caer no erro de avaliar persoas concretas, xa que o que se pretende é valorar o plano de traballo seguido no seu conxunto: obxectivos, actividades, estratexias, medios,... Ademais, trátase dunha avaliación que non se circunscribe a un momento determinado ou puntual, senón que debe impregnar o desenvolvemento do plan mesmo nas súas distintas fases.

Con esta finalidade, o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística reunirase de forma ordinaria unha vez por trimestre (e de forma extraordinaria, as veces que se precise ou se considere oportuno), para estudar o desenvolvemento das diferentes actividades programadas.

Ao final do curso levarase a cabo unha avaliación das actividades desenvoltas e os resultados acadados coas mesmas.

Dita avaliación final realizarase de xeito diferenciado por etapas educativas, e na mesma terán maior peso os resultados de carácter cualitativo acadados.

E para o desenvolvemento da mesma atenderase a tres criterios principais:

- Análise e valoración da correcta aplicación do disposto nas diferentes disposicións legais en materia de dinamización lingüística.

- Identificación das posibles causas que impediron o correcto desenvolvemento das actividades programadas.

- Identificación de propostas de plans de mellora de cara a cumprir os obxectivos inicialmente marcados en futuros cursos.

En Boiro, a 29 de setembro de 2018	
Selo do centro	O Coordinador do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística Asdo.: Francisco Blanco Alcaide

V. e pr.

Asdo.- Director do centro